


Dende aquela montaña véase todo o que existe. Hai herba, hai árbores grandes e un ceo. Hai tamén unhas escaleiras altas onde a xente vai abraida a velas. Quero subir paseniño para chegar ao ceo e voar. Son un caracol.



Iria

Sáin da miña casa e comezou outro día normal e corrente. Unha oscuridade chegou por detrás. Pero a fada colleume da boca do peixe e salvoume a vida. Aquel fora o día máis estraño da miña existencia.




Mauro

Nunha vila había un neno chamado Eduardo. Era un neno ao que lle gustaban as aventuras ata que o ceo comezou a esnaquizarse. Eduardo avisou a todos, pero non lle fixeron caso. Despois, todo o ceo quebrou... pero Eduardo todavía non recorda o que pasou.



Cristina



A leñadora tallaba e tallaba cando viu fume no ceo. A muller asustouse e de socato escapou a correr, pero no avanzaba. Corría e corría e non avanzaba. A néboa disipábase e os planetas estaban cada vez máis preto...


Ezequiel

O rei dos espantallos facía o seu traballo protexendo aos xirasoles que medraban. Os corvos non tardaron en chegar pero o rei botounos da horta e os gardas aplaudiron. Cando se ergueu ao día seguinte xa non había nada.



Leo

Eu son moi bo, aínda que camiño so. Parece que voo, xigante non son. Polas montañas viaxo ao meu son. Nesta viaxe non vou só, non vou, polo río estou. Os planetas semellan burbullas, as flores semellan peixes, ata que todas as estrelas gritan 'Oh'. E todo queda en silencio.




Pedro

Día das Letras Galegas 2022.

Microrrelatos 4ºB

Escribir é a maneira máis profunda de ver a vida.



Ás veces recordo aquelas noites extraordinarias. Aquelas que pensei que non marcharían. Aquelas noites onde aquela sombra aparecía. Aquela sombra que aínda me abraía. E cando penso que nunca volverá, sempre a vexo voando sen cesar.

Manuel



Aquel nobelo que aparece na miña fiestra con forma de sandía e que roda sen se deter na miña vida, non para de rodar no mesmo peitoril. É coma se me falase, e un día de súpeto a la esvaecerá.

Daniela




Aínda que sexa unha coella, aínda lembro cando bailaba eu soa. Aínda que á xente non lle gustase, eu pasábo ben. Ata aquel día que a sombra achegouse a mín. A porta abríase pouco a pouco e o peixe deixou de alumear deixando un edén detrás de aquela gran porta chea de xente aplaudindo.

Noelia



Vendo fotos antigas lembrei a noite de meteoritos do 2013. Esa noite foi espectacular. Todo o ceo estaba repleto de meteoritos, pero dúas horas despois, os meteoritos desapareceron do ceo. Era maxia... pero cal?

Raúl




Recordo aquela historia. Cando a primavera chega, as árbores cantan e a diosa da primavera espera. Non quere que chegue outra estación. Cada vez que cambia a estación ela encárcélase nunha árbore e espera.

Aina



Rememoro eses días de felicidade. Mergulleime no mar e era o paraíso. Un día quedei a durmir na praia e fixen lume. Estaba hipnotizada co mar! Collín un facho e fun adentrándome amodo no mar. Dende ese día son outra vez feliz.

Iris



Unha familia comendo está co polo e os chícharos a fartar. O postre vai chegar. Queixo e tarta por doquier. Pero todos han de esperar porque a tormenta está por chegar. Cando a tormenta chegou todo o mundo se asustou. Alguén petou na porta e a xente exclamou: Quen é? De súpeto a porta abriuse a algo debeu de pasar. Moita comida has de zampar.

Lucas


Nas nubes estou, o dios son. Burlábanse de pequeno, pero agora me teñen medo. Controlo as tormentas, cando quero provocho algún incendio. Xa non teño medo de ser quen son. As marcas que teño importantes son. Para ti poida que non. Dirás que so é unha decoración pero ti non sabes quen son.



Lía

Aínda que sexa un vello, sento na miña cadeira e a través dunha trompeta podoo ver os planetas. Sento, reláxome, síntome máis apracible e deixo que o sono me invada. Sinto que son feliz no meu lugar cos planetas.

Carmen



Chámome Lili e son un bebé especial. Cada cinco días leo libros que non conto, pero xa me estou aborrecendo estar aquí. É como se estivese no cárcere. Xa van catorce meses, así que vou meter patadas. Son especial, son invisible.

Carolina

